

Harmonía do rostro a través da barba e o bigote

1. Tipos de rostros

1.1 Rostros anchos

Rostro redondo

- Características do rostro: Queixo, maxilares e fronte son redondeados, non destacan os pómulos
- Favorécelle barba liña superior baixa para alongar, perilla, chiva, barbas en pico e bigote grandes.

Rostro cadrado

- Características do Rostro: Liña de fronte, pómulos e mandíbula ben definidas.
- Favorécelle barba de tres días, barbas que non cubran todo o rostro que o alongue con liñas redondas e bigotes grandes descendentes e redondeados.

1.2 Rostros estreitos

Rostro alongado

- Características do rostro: Mandíbula e queixo estreitos.
- Favorécelle unha barba moi rebaixada e que non exceda a liña inferior da mandíbula, perillas cadradas alongadas cara a mandíbula, barba cadeado e os bigotes rectos e estreitos.

Rostro rectangular

- Características do rostro: Igual co cadrados pero o eixe vertical predomina sobre o horizontal.
- Favorécenlle barbas pouco espesas e finas, a perilla fina ata a zona de mandíbula e bigotes finos e redondeados

1.3 Rostros combinados

Rostro triangular

- Características do rostro: fronte estreita aumentando a liña horizontal segundo vai descendendo ata a mandíbula que será a zona máis ancha.
- Favorécenlle barbas cubrindo mandíbula e con forma redondeada. O bigote debe ter forma oblicua.

Rostro triangular invertido

- Características do rostro: fronte ancha e segundo descende vai diminuindo a liña horizontal, sendo a zona de mandíbula e queixo máis estreita.
- Favorécelle barba completa e poboada, ben marcada no mentón e meixelas ou barbas poboadas dende a patilla ata a zona de mandíbulas con bigote e co queixo despexado.

1.4 Rostro equilibrado

Rostro ovalado

- Características do rostro: o eixe vertical é un pouco máis longo que o horizontal pero con harmonía quedando así equilibrados.
- Favorécenlle todos os estilos pero hai que ter coidado cos que estreitan o rostro pois o alongarían.

1.5 Rostro diamante

- Características do rostro: é máis ancho na zona de meixelas que na zona superior da cabeza ou queixo.
- Favorécenlle estilos que enmarquen os beizos, como a barba candao ou bigote e barba debaixo dos beizos.